

ITINERARIO LECTOR. 5ºB

CURSO 25/26

O libro de lectura elixido para o itinerario lector na aula de 5ºB foi “A cazadora de estrelas”, de María Canosa e ilustrado por Dani Padrón. O libro sitúase nunha vila de fantasía, na que a protagonista, Megumi, é unha cazadora de estrelas que sae cada noite a buscar as súas presas xunto coa súa fiel egua Turrón.

A aula está conformada por 19 alumnos e alumnas de entre 10 e 12 anos, que na súa totalidade teñen adquirido o proceso de lectoescritura, e que, aínda que presentan ritmos de lectura moi diferentes, están nun proceso de análise crítica e debate dos textos que traballamos na aula.

Traballo previo



Falamos das partes dun libro, do traballo dos autores, para darlle un mínimo de contexto. Fíxose unha posta en común de opinións sobre que trataría o libro soamente vendo a portada do mesmo.

Lectura do libro

Realizouse a lectura de forma conxunta, no que un alumno ou alumna lía en voz alta e o resto seguía a lectura en silencio co seu propio libro.

Déuselle especial importancia á correcta entoación na lectura en voz alta, e á análise de expresións e diferentes rexistros da linguaxe.

Ademáis, tamén analizamos os feitos que non aparecían de xeito explícito na lectura, para reforzar o estudo do subtexto e a lectura entre liñas.

Ao final de cada sesión de lectura realizouse un pequeno debate ou posta en común sobre o que se leu ese día. Tamén ao final de cada sesión, o alumnado realizaba hipóteses acerca do que pasaría a continuación no libro.

Traballo posterior

A opinión xeral sobre o libro foi bastante negativa. A case ningún neno ou nena lle gustou a trama nin o final. Así que, para intentar darlle a volta, o proxecto final da lectura foi a realización de cartaces publicitarios para promocionar o libro e animar á súa lectura ao resto de alumnado das outras aulas. Ditos cartaces se elaboraron en equipos e se colgaron no exterior da aula. Con esta tarefa traballamos a linguaxe publicitaria e a lectura de imaxes, ademáis de fomentar o espírito crítico.

